



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Desta volta, amigas e amigos, as cinzas e lavas do volcán *Cumbre Vieja* en La Palma baixan tamén coma unha preocupante coada polas liñas desta Crónica, para precipitarse –oxalá, canté!– no mar da solidariedade, que, ao que se ve, poida que sexa efectiva, real. Compartimos a dor e a obrigada esperanza dos centos, miles xa, de persoas afectadas polo volcán, que por algo así coma unha cuspidela do mesmo viron arrasadas vivendas e predios, medios de vida e futuro inmediato. Canto vale, é certo, vémolos ben, un estado forte, con capacidade de acudir lixeiramente, con eficacia, para remediar desgrazas e soerguer esperanzas! E, de rebote, como non laíarnos de que siga habendo situacións, mesmo entre nós, e tamén países enteiros nos que tales respostas

non son posibles: Haití, Siria, Sudán do Sur, Congo, Senegal, Iemen...

E a carón da desgraza amareada por riba e por baixo dos enormes volumes de lava arrefriada, tamén a sublime maxestade dunha natureza imponente, que nos amosa as súas entrañas quentes, fulxentes, bulideiras, e que, coma xigante insubmisos, sacode o lombo e fai que o perfil da montaña medre trinta, corenta cm, como se tal cousa. Admirable creación, con capacidade para nos trastornar a vida –xa o vimos de apalpar coa COVID-19–, e tamén, en moitísimos outros factores cotiáns, de enchela de marabillosos recursos e posibilidades! Deus sexa bendito, e con el, con ela, os homes e as mulleres que imos aprendendo a sintonizar coa creación, a respectala, a coñecela, a entendela, a amala,

a agradecela, a convivir harmoniosamente con ela!

1.- En clima sinodal

E, dito isto, para quen, sen deixar de ser deste mundo, vivimos no fogar eclesial, as campás tocan a sínodo con sons e repeniques variados. Algún son é lento e pousón (tommm, tommm, tommm), coma o da campá compostelá da Berenguela. Sabe a demandas fondas, a necesidades imprescindibles na Igrexa, afeitos como estabamos a ir pola vida de sabichóns de verdades, sen necesidade de escoitar e de acoller. Chegou a hora de sentar á beira do camiño, coma o tal Bartimeo aquel do Evanxeo (cfr. Mc 10, 46-52) e apalpar a propia fragilidade para poder escoitar e suplicar. E facelo sen reparar na cor do corpo e da alma de quen pasa, nun exercicio elemental de comunión humana.

Outro son é o da campá arredada e soa da capeliña aldeá, que toca humilde (tan, tan, tan), case sen forzas para o poder facer, case sen esperanza de ser escoitada por ninguén. É o clamor ignorado das inmensas multitudes que non teñen voz ou

que a perderon de tanto berrar inutilmente. É a voz afogada figuradamente de tantas maneiras, pero tamén a afogada realmente nos nosos mares e océanos, nun esforzo derradeiro por dicir a súa existencia. O noso querido Santiago Agrelo é o apóstolo destas voces, de tantos xeitos e en tantos momentos (o último no III encontro interreligioso de Santiago os días 22-23 de outubro pasado). Cara ao Sínodo o papa Francisco urxiunos a que afiásemos especialmente os ouvidos para escoitar finamente estes sons.

E outro son, entre moitos posibles, é o son do repenique festeiro (tilín, tilín, tilín, tilín), que nos chama á ledicia e á festa. Porque todo proceso sinodal, se realmente é tal, por forza ha rematar en festa. Será o gozo de quen atopou o seu lugar de irmán ou de irmá a carón doutras irmás e doutros irmáns. É o gozo de quen rebaixa as propias fortalezas e fragilidades para as poñer ao abeiro de quen comparte lugares e tempos na vida.

E aínda quedaría o son da campá choca (toc, toc, toc), que é o son estraño de quen non acaba de nos entender, con

esa linguaxe tan nosa (sinodal, Igrexa sinodal, proceso sinodal...), que parece que de entrada aposta por marcar distancias e non ser entendida. E o son de quen, desde dentro ou desde fóra, dubida de nós, da nosa liberdade para falar, do noso monarquismo institucional, desa case obsesión por poñer o determinante «xerárquico» por riba de calquera outro sinal de identidade (poñamos por caso, o da irmandade tan claramente sinalado, este si, como fundamental en Mt 23, 8-12), do noso atávico receo ante fórmulas democráticas, por moito que digamos que somos *plus* ca democracia. Con eses vimbios poderase facer un bo cesto multicolor onde entren e collan todas as varas, todas as voces?

En fin, oxalá a práctica do devir sinodal, nesa elemental aprendizaxe de camiñar xuntos, despexe dúbidas e nos confirme, ante nós e ante quen nos contemple, na intención de habilitarnos na escoita, no discernimento e na acción, para atinar a sermos Igrexa ao servizo do mundo no momento presente. O feito de que, nada máis empezar a etapa dioce-

sana do sínodo, desde o secretariado do Sínodo nos chegue a indicación de que esta etapa se prolongará catro meses máis (de abril ata agosto) antóllásenos como un sinal de que desde arriba, desde moi arriba, queren que a cousa non quede nun simple xogo de aparencias e buscan traballo e eficacia. Hai xente, mesmo bispos, que abertamente se despegaron da proposta sinodal. Pero vemos que moita outra xente está comprometida na encomenda e unha vez máis volve soñar. Oxalá non nos vexamos defraudados!

2.- Ao pan, pan, e ao viño, viño

O 16 de outubro pasado, durante o IV Encontro Mundial de Movementsos Populares, o papa Francisco ofreceulles unha comunicación sorprendente, aínda que na liña do que compartira con eles noutros encontros anteriores. Paga a pena subliñar algúns aspectos desa comunicación polo que teñen de soños para os compoñentes deses grupos e aínda para toda a humanidade, e para que sirvan como invitación a unha lectura sosegada do conxunto.

Permitímonos copiar parte do parágrafo primeiro, que amosa unha fonda empatía cos Movementos Populares e coas súas estratexias. Di así:

Queridos poetas sociais. Así me gusta chamalos, poetas sociais, porque vostedes son poetas sociais, porque teñen a capacidade e a coraxe de crear esperanzas alí onde só aparece descarte e exclusión. Poesía quere dicir creatividade e vostedes crean esperanza; coas súas mans saben forxar a dignidade de cadaquén, a das súas familias e a da sociedade toda con terra, teito e traballo, coidado, comunidade (...). Velos a vostedes lémbreme que non estamos condenados a repetir nin a construír un futuro baseado na exclusión e na desigualdade, o descarte ou a indiferenza; onde a cultura do privilexio sexa un poder invisible que non se poida suprimir, e a explotación e o abuso sexa coma un método habitual de supervivencia. Non! Iso vostedes sábeno anunciar moi ben. Grazas.

O primeiro que chama a atención nesta comunicación é a identificación, a cara descuberta, con estes movementos populares que poden representar ese terzo da poboación

mundial marxizada, ignorada, sobre o que descarga todo o peso dunha estrutura política e económica internacional que xera fondas desigualdades. Como xa nolo ten demostrado noutras moitas ocasións, o papa toma partido contra un capitalismo que mata, aínda que neste texto non empregue ese expresión.

O papa Francisco agradécelles o seu traballo, recorda que a pandemia e os medios para remediala veñen confirmar esa desigualdade no mundo; dóese con eles de que para grandes multitudes pobres foi totalmente imposible confinarse, cousa que significaría morrer por falta de recursos básicos, e subliña como a pandemia da COVID non fixo senón evidenciar unha pandemia, se cadra maior, que é a crise alimentaria que asola grandes zonas do universo e que mata millóns de seres humanos de forma continuada.

Felicítaos o papa por participar da benaventuranza de quen ten sede e fame de xustiza, e ansía que esa benaventuranza encha a terra, alí onde a vida se vexa ameazada, e entende

que para iso «é imprescindible tamén axustar os nosos modelos socio-económicos para que teñan rostro humano». E aquí convértese o papa nun pedichón, en nome propio e no de Deus, que se dirixe aos grandes laboratorios, grandes grupos financeiros e poderes internacionais, corporacións extractivas, fabricantes e traficantes de armas, xigantes da tecnoloxía e das comunicacións, países poderosos, gobernos en xeral, líderes relixiosos, para que nos seus respectivos campos respondan a esta urxencia de humanización, porque «este sistema coa súa lóxica implacable da ganancia está escapando a todo dominio humano».

E, sabendo moi ben o papa que as cousas non van precisamente nesa dirección, invítanos a soñar xuntos, «porque foron precisamente os soños de liberdade e igualdade, de xustiza e dignidade, os soños de fraternidade os que melloraron o mundo. E estou convencido de que neses soños se vai coando o soño de Deus para todos nós, que somos os seus fillos». Soñar para evitar caer nese «pacto non feito, pero inconsistente: o egoísmo do forte co

conformismo do débil». Soñar, porque da presente crise podemos saír peor, pero para iso «debemos romper os atumes do doado e a aceptación dócil de que non hai outra alternativa, de que «este é o único sistema posible», esa resignación que nos anula (...). E para iso fai falta soñar. Preocúpame que mentres estamos aínda paralizados, xa hai proxectos en marcha para rearmar a mesma estrutura socioeconómica que tiñamos antes, porque é a máis doada».

Ante iso cabe recuperar a figura do «samaritano colectivo», que non pasa de largo cando ve a ferida da dignidade humana golpeada polo abuso do poder. E «os movementos populares son, ademais de poetas sociais, samaritanos colectivos».

E, previndo que as súas posturas socio-económicas serán obxecto de crítica e mesmo rexeitamento fóra e dentro da mesma Igrexa, sinala que canto el di está recollido nun pequeno manual da Doutrina social da Igrexa, manual que Xoán Paulo II mandou preparar. E recoméndanos lelo. E é aquí, despois disto, cando como medi-

das concretas, recorda algunhas xa propostas en encontros anteriores (integración urbana, agricultura familiar, economía popular...) e ofrece dúas máis: «o salario universal para que cada persoa neste mundo poida acceder aos máis elementais bens da vida», e a redución da xornada laboral, traballar menos para que máis xente teña acceso ao mercado laboral. «Medidas necesarias, pero desde logo non dabondo».

E para rematar, recórdanos: «Irmás e irmáns, estou convencido de que o mundo se ve máis claro desde as periferias. Cómpre escoitar as periferias, abririlles as portas e permitir-lles participar. O sufrimento do mundo enténdese mellor cabo de quen sofre». «Sigán soñando xuntos. E grazas, grazas en serio, por deixarme soñar con vostedes.» «Pidámoslle a Deus que verta a súa bendición sobre os nosos soños. E, se Xesús di: «Eu sempre estarei convosco» (cf. Mt 28, 20), «quero dicir-lles tamén que eu vou estar con vostedes. Tamén o importante é que se decaten de que está El con vostedes. Grazas».

3.- O aliñamento contra o Papa

Queremos abordar aquí, por máis que sexa de forma breve, o feito da oposición aberta á figura, ás palabras e aos feitos do papa Francisco. Oposición desconcertante, que lle chega de diferentes espazos, grupos e persoas, aínda que case sempre todos teñan en común o feito de pertenceren a un sector social, político, económico, eclesial de mentalidade conservadora. Posiblemente as críticas do feminismo sexan unha excepción a isto. Oposición que el coñece, encaixa e interpreta, como fai precisamente no discurso que vimos de comentar. Alí afirmaba:

Ás veces sorpréndeme que cada vez que falo destes principios (referíase neste caso aos da doutrina social da Igrexa) hai quen se admira e entón o papa é catalogado cunha serie de epítetos que se empregan para reducir calquera reflexión á simple adxectivación que degrada. Non me anoxa, entristéceme (...) É parte da trama da posverdade que tenta anular calquera busca humanista alternativa á globalización capitalista, é parte da cultura do descarte e é parte do paradigma tecnocrático.

O de que o papa é comunista é un deses adxectivos para a degradación máis benévolos. Desde o primeiro momento houbo quen considerou a súa elección ilexítima. Con iso veu o seu propósito de querer unha Igrexa pobre para a xente empobrecida, logo veu a súa postura claramente a favor da xente inmigrante do sur, o seu respecto profundo polas persoas homosexuais, o da revisión das maneiras de tratar as parellas divorciadas que querían volver casar, a seriedade coa que foi resolvendo os encubrimentos da pederastía, a introdución da muller nas estruturas do Vaticano (recentemente Alessandra Smerilli como n.º 2 do Dicasterio para o Desenvolvemento Humano Integral, e Rafaela Petrini como secretaria xeral da cidade-estado do Vaticano, algo así como vicealcaldesa), a perda de confianza en certos cardeais significativos (Müller, Sarah...), o parón dado coa *Traditionis custodes* á celebración da Eucaristía segundo o rito anterior ao Concilio Vaticano II, o seu repetido apoio aos movementos populares, o seu desconcertante estilo pobre, simple, directo, no que prevalece o sentido pasto-

ral sobre as grandes proposicións doutrinais, a súa crítica teimuda do clericalismo, o seu distanciamento rotundo do neoliberalismo como modelo económico, o seu contemporizar co proceso sinodal alemán, o seu anuncio da sinodalidade como algo característico da Igrexa para o século XXI etc., etc.

Cáenlle de todos os lados. Desde os cardeais que se uniron hai pouco a curas e segres (45 persoas) para compoñer e espallar desde os Estados Unidos o libro «Da paz de Bieito á guerra de Francisco», de título ben provocativo; ata a presidenta madrileña Ayuso, que protesta pola humilde petición de perdón que o papa fixo polos lados escuros da colonización americana, coma se estes non existisen (e o episcopado español que non ousa dicir unha palabra maior, autorizada a respecto). Desde as poderosas redes norteamericanas, con réplicas entre nós en grupos como *Yunque, Hazte Oír* –con importantes vencellos políticos ben coñecidos–, que camiñan a contrapunto do papa, ata quen desde o diario e oculto traballo pastoral desconfía de tanta condescendencia, de tanta miseri-

cordia, de tanta Igrexa en saída, samaritana, co desexo intenso de que a cousa acabe canto antes e de que veña un papa-papa, que poña orde e concerto, que dite verdades e que urxa ao seu cumprimento, como se o da misericordia non fose a grande verdade que nos estrutura como comunidade cristiá.

E todo isto no medio dunha conmoción e debilitación eclesial, polo menos no occidente europeo, que anuncia un futuro indixente na experiencia relixiosa cristiá no medio das nosas comunidades ou parroquias, que xa o serán soamente para un número reducido de cren-tes, como ben opinaba recentemente o bispo emérito Nicolás Castellanos. A debilitación da fe compaxinada coa debilitación do humanismo nunha sociedade poderosa e fráxil a un tempo. Neste contexto o papa aposta polo diferente, por algo novo, marcado precisamente por saír ás periferias civís e eclesiais e darlles voz a quen as habita, escoitar o seu clamor e descubrir nelas a presenza e a chamada de Deus para as comunidades cristiás. Facer, en definitiva, algo tan simple coma o que o mesmo Xesús fixo no

seu tempo, tempo tamén de desbordamentos relixiosos e civís. E, pensado así, non é a crítica, o desaire, a maledicencia, o desprezo, mesmo a persecución, un indicador de que se anda polo camiño profético que lle acae a un bo seguidor de Xesús?

Non todo o que diga ou faga o papa ten por que levar a sinatura de verdade absoluta; como ser humano que é, está sometido tamén ás dúbidas, ás equivocacións, aos erros. Pero pensamos que estamos ante un gran guía espiritual, fundamente carismático, que non opta pola directriz, cousa relativamente doada, senón polo peado camiño da implicación, da responsabilidade compartida, do discernimento madurado en común, sen exclusión ningunha, pola sinodalidade como formato eclesial para o século XXI, é dicir, para o futuro inmediato que habemos vivir. Unha verdadeira revolución nos corazóns e nas estruturas eclesiais. Certo que dá a impresión de que son, somos, moitos na Igrexa os que nos trememos ante tal proposta e cobizamos a carne, o peixe, os melóns e cebolas de Exipto (*cf.* Núm 11, 4-6). Pero hai lugar para unha marcha atrás?

4.- Amigas, amigos do pensar e do saber e do sentir

No encontro cos Movementos Populares, comentado máis arriba, dicía o papa Francisco: «Preocúpame que mentres estamos aínda paralizados, xa hai proxectos en marcha para rearmar a mesma estrutura socioeconómica que tiñamos antes, porque é a máis doada». Non sabemos exactamente a que proxectos se refire o papa. Pero, ollando xa para o noso país, dentro dese mundo de cousas concretas que van configurando un modelo persoal, social e económico, pensamos que non é algo intranscendente a presenza e forma de presenza de materias como filosofía e relixión no currículo escolar. Quéixanse os representantes da Filosofía de que o Ministerio de Educación eliminase a Filosofía como materia opcional en 4.º de ESO, aínda que deixe a opción de que en cada Comunidade Autónoma se poida recuperar como tal. Daría pé a que moito alumnado pechase o seu ciclo formativo obrigatorio sen ningunha referencia a esa área da persoa que ten que ver co pensar sobre un mesmo, sobre

o sentido da vida, da realidade, das relacións sociais, da dor, do sufrimento, da morte... A materia de valores cívicos que se ofrece, aínda que importante, non é equiparable á Filosofía. Iso si, mantense Filosofía en 1.º de BAC e Historia da Filosofía en 2.º de BAC, cando a lei Wert a limitara a un só curso.

Todo parece indicar que o proceso formativo ten quizais como finalidade fundamental sacar adiante unha persoa capaz de traballar e de gañar ben, dando por suposto que é sobre esta capacidade sobre a que se asentam os piares da felicidade dunha persoa, dunha sociedade. Seguro que son, somos, moitas, moitos, quen concordamos con isto, polo menos no funcionamento práctico da vida. Pero é isto así? A quen lle interesa que isto sexa así? A quen lle vén ben que a xente non saiba pensar e pense pouco, que non aprenda a formularse preguntas sobre o sentido da propia existencia e das relacións sociais, que non saiba discernir sobre o balbordo de ideas, sentimentos, opcións sobre o que a vida persoal e social vai ofrecendo? A quen afecta que un non se saiba manexar coa complexidade do

propio ser, cando o propio ser transita por circunstancias e etapas de éxito ou de fracaso, de pracer ou de amargura, de vida ou de morte? Persoalmente nunca dei entendido que se nos transmita información exquisita sobre o noso corpo, pero que en todo o proceso formativo non se nos diga unha palabra de sentimentos, de emocións, de aprender a aceptarnos, valorarnos, discernirnos, a recoñecer erros, faltas, delitos... E, claro, xa nos estamos pasando da Filosofía á Psicoloxía, pero a razón de base é a mesma.

Foi noticia hai poucas semanas: España é un dos países do mundo, proporcionalmente, con máis consumo de ansiolíticos. Na Atención Primaria a cuarta parte das persoas enfermas sono por problemas de ansiedade. Á mocidade –educada na escola de vida dos adultos– cústalle entender o ocio nocturno sen grandes consumos de alcohol e substancias psicotropas. En España, en 2019 morreron por suicidio 3.671 persoas (2.771 homes, 900 mulleres), é dicir, 10 persoas por día. Neste sentido valoramos desde o primeiro momento a aposta do grupo político *Más País* por

conseguir que se lle prestase atención e medios dentro dos servizos públicos de saúde ao benestar psiquiátrico das persoas. Con máis filosofía da boa, con máis psiquiatría da boa, xa desde o comezo vital, a cousa iríanos ben mellor.

5.- E que pinta a relixión?

No ámbito escolar, a nova lei educativa reduce o tempo dedicado á clase de relixión e, aínda que segue a ser materia avaliable, non conta para calcular a nota media necesaria para acceder a estudos de diferentes profesións. Todo parece indicar que quen goberna non ten especial simpatía pola clase de relixión, que vería con mellores ollos unha clase sobre o feito relixioso, sen máis, e que, se accede ao que accede, é porque hai uns compromisos derivados do Concordato coa Igrexa.

E esta perda de valoración do feito relixioso percíbese tamén no ambiente social. Como exemplo diso, poño por caso, a reacción de moitos lectores a tres breves artigos aparecidos recentemente en *Nós diario*, escritos por V. Pérez Prieto, cos títulos de «*Estupidez da*

Religião?», «*Opio do povo?*» e «*Ainda mais da religião*». Neles, a intención do autor de presentar o feito relixioso ben coidado como un compoñente substancial da formación e da experiencia humana, moi compatible coa cultura, coa ciencia, coa modernidade, era descualificado por moitos lectores cos argumentos simples e manidos que corren de conversa en conversa con aires de contundencia irrefutable.

E a esta resistencia e/ou indiferenza referíase tamén Pedro Castelao, cando no anterior número desta nosa revista, no artigo «Teoloxía da galegitude matricial», postulaba que dentro desa galegitude matricial que el expoñía, a cuestión relixiosa tivese o lugar que merece, como constitutivo que é de todo ser humano e tamén, con características tan consistentes, da nosa identidade tradicional galega.

Temos tarefa por diante as persoas crentes: recoñecer erros, moitos, nas nosas prácticas relixiosas como persoas e como institución (ai, ese noso secular apego ao poder canto nos ten amolado!); aprender a

vivir, formular e transmitir a fe nun contexto cultural novo; volver ao nuclear da experiencia relixiosa propia, no noso caso a cristiá; mostrar coa vida máis ca coa palabra a eficacia integradora dunha boa experiencia de fe; sen chulerías vas, que se faga evidente que crer paga a pena, abre e libera as persoas e fainos xente vigorosa para a construción social xusta, coa teima sempre presente de ollar pola xente máis marxinal, con ollos de xustiza integradora.

Volvendo ao mundo escolar, recollo un feito significativo que, aínda que non é do ámbito escolar básico, nin do noso contexto cultural, podería abrir perspectivas para modalidades e talentos na formación relixiosa. Na universidade de Harvard, EE.UU., os capeláns da mesma elixiron para dirixir a pastoral universitaria a Greg Epstein, 44 anos, ateo, graduado en teoloxía. «Epstein (di Fernando Vidal en *Vida Nueva*, 3.239, 7) cultivou a relación entre as distintas confesións, traballou por afondar a dimensión transcendente e os hábitos espirituais» e está acadando algo innovador: unha actitude de acollida, aprecio, diálogo

e cooperación entre alumnos crentes e alumnos, moitos, que son ateos e gnósticos. Todo o mundo aplaude a súa proposta dunha espiritualidade aberta e de laicidade inclusiva.

Seguramente algo inimaginable entre nós, tan empeñados en manter distancias e diferenzas en tantos ámbitos e en acentuar a tensión e a conflictividade. Tan pechados, logo, á graza do distinto. Imaxinámonos un profesor ateo, ben formado, con sentido de «fondura vertical», que diría Pedro Castela, coordinando a ensinanza relixiosa en centros onde se formen católicos, evanxelistas, musulmáns, ateos, agnósticos? Moito terían que cambiar os aires sociais nosos para que tal sucedese, e moito terían que cambiar tamén as cabeceiras e os corazóns de moitos de nós. Pero tamén aquí haberá que ir aprendendo a soñar.

6.- A vergonza francesa

Ben entenderá quen isto lea que nos imos referir aos datos dos delitos de pederastia dentro da Igrexa francesa. Hai unhas semanas fixéronse públicos os resultados da investigación

levada por unha Comisión Independente específica que presidiu Jean-Marc Sauvé: 216.000 menores de idade recibiron algún tipo de abuso sexual por parte do clero no período 1950-2016, número que se eleva a 330.000 contabilizando os abusos cometidos por leigos que desempeñaban algún servizo eclesial. Os datos causaron vergonza, horror, indignación. Todo o mundo valorou moi positivamente a decisión da Igrexa francesa de promover e facilitar esta investigación; como tamén se valorou a decisión coa que se asumiron as consecuencias da mesma, que teñen que ver con asumir responsabilidades cara ás vítimas, pedindo expresamente perdón, programando unha inxente compensación económica, que implicará seguramente a venda de parte do patrimonio eclesiástico, e cuestionando a fondo o apoderamento clerical que adoita estar na base de todo isto.

Un capítulo máis, e nada menor, do descrédito que se bota enriba do corpo eclesial francés e universal, polo que son en si mesmos estes datos e polo seu tratamento nos diferente medios. Pero poderíase

esperar un tratamento menos encirrado, cando tanto nos temos chufado, sobre todo a clerecía, de sermos algo así como os valedores das boas prácticas sexuais (!), os mestres, os exemplos a ollar e seguir? E así estamos. Sublíñase con teimosía e cun aquel de suposta culpabilidade, e non sen razón, que Italia e España, dous países de longa e potente presenza eclesial, con moitos recursos, moito poder, moitas institucións nas súas mans, moito alumnado menor de idade formándose nos seus centros, non se teñan decidido a facilitar unha investigación semellante, cando a mesma Conferencia Episcopal de Portugal vén de comprometerse á creación dunha comisión nacional independente, aínda que supervisada pola mesma Conferencia, para investigar abusos a menores e adultos vulnerables cometidos no seo da Igrexa portuguesa nos últimos 50 anos. Si, chama a atención todo isto. Como tamén chama a atención que este xusto desexo de verdade e de publicidade da mesma non se dirixa cara a outros ámbitos sociais dos que tamén se coñecen datos dramáticos, onde o poder, a atrac-

ción, a posibilidade de éxito, os efectos tamén poden exercer moitas veces unha influencia destrutiva: o ámbito familiar, os centros educativos, espazos deportivos, campamentos etc., que nalgún caso, o familiar especialmente, superan con moito as porcentaxes que se dan no ámbito eclesial. Restarlle importancia e significado aos delitos cometidos por parte da clerecía e de xente que se move na súa contorna? Non, en absoluto. Pero si centrar o interese no que realmente a todo o mundo nos debería preocupar sobre todo, que é o respecto profundo polos menores, rapaces e rapazas, e alertarnos e previrnos contra todo o que, veña de onde veña, dane a súa inocencia e/ou fragilidade.

7.- III Encontro Interrelixioso en Santiago de Compostela

Polas datas nas que *Encrucillada* desenvolvía o seu XXXV Foro dedicado a estudar e a valorar a teoloxía política do papa Francisco en tres tempos, xeopolítica, economía e finanzas e coidado do planeta, neses mesmos días, o 21 e 22 de outubro celebrouse en Santiago de

Compostela o III Encontro Interreligioso, organizado conxuntamente pola Xunta de Galicia e o arcebispado da cidade do Apóstolo. Versaba sobre «Dignidade humana, migracións e fraternidade». Sucederonse alternativamente tres conferencias e tres «mesas de encontro», sostidas unhas e outras por coñecidas personalidades do noso entorno como o cardeal Miguel Ángel Ayuso, Santiago Agrelo, Andrea Ricardi, o cardeal Carlos Amigo, Barreiro Rivas, Margarita Robles, xuntamente con outras menos coñecidas como Mohamed Ajana, musulmán, Juan Carlos Ramchandani, hindú, ou Andréy Kordochkin, ortodoxo. As xornadas foron clausuradas cunha conferencia dual a cargo de Abdelaziz Hammaoui e o arcebispo Xulián Barrio.

As mensaxes transmitidas responderon ao obxectivo do encontro: dignidade humana, migracións e fraternidade. Formalmente todo o mundo semella estar de acordo en que esas tres dimensións sexan moi tidas en conta tanto polos gobernos nacionais e internacionais como polas conferencias relixiosas, coas que cada

persoa, grupo ou país se identifique Non se entende o mundo doutra maneira. Pero, na práctica, as dificultades están ben á vista. Por iso, para poñelas en evidencia, para así nos poder armar de vontade para afrontalas, recollemos uns cantos parágrafos da comunicación de Santiago Agrelo, un dos conferenciantes máis afoutos á hora de retratar certas realidades. Así empezaba dicindo:

A miña non é unha disertación, pretendo que sexa unha denuncia, unha voz de alarma, un berro de auxilio, unha acusación que homes, mulleres e nenos obrigados a emigrar, lanzar aos responsables das decisións políticas e da información, á conciencia relixiosa de cantos nos profesamos crentes e á responsabilidade moral de todos os que se profesan ateos, agnósticos ou indiferentes.

Para máis adiante, referíndose a quen vive e padece a migración, afirmar:

O primeiro paso é abrir os ollos para que as vítimas se nos apaixan, se nos fagan de carne e óso, se nos fagan puñado no estómago. Homes, mulleres e nenos con nomes e apelidos,

con historia persoal, con gozos e tristuras, con esperanzas e dós gardados coma un tesouro no corazón.

E precisaba aínda máis:

Os xestores dos modernos campos de exterminio e os medios de comunicación ao servizo destes xestores necesitan da nosa cegueira, do noso non saber, da nosa indiferenza, para continuar facendo vítimas, espoliando recursos, matando pobres.

E compartía esperanzas no nome de tanta xente excluída:

Sño co día no que o virus da acollida contaxie as prédicas das parroquias, porque sospeito que están máis cheas do virus do rexeitamento. E esta é responsabilidade das Igrexas e das relixións.

E lembrábanos un feito que debería cambiar consciencias e abrir portas:

Comemos de África durante todo o século XX. É un continente colonizado e explotado, un año devorado por outros, as potencias tradicionais e as emerxentes (...) Os fillos de Deus morren a dúcias día tras

día, e nós seguimos pasando de largo, sen ollar, sen ver, sen mancharnos, sen inmutarnos, sen decatarnos de nada.

Oxalá que a súa voz nos con-mova! Oxalá que tanta desfeita abra ollos, corazóns e fronteiras!

8.- Primeira Asemblea Eclesial de América Latina e do Caribe

Non queremos pechar esta Crónica sen nos referir á Primeira Asemblea Eclesial de América Latina e do Caribe, que se levará a cabo na cidade de México entre o 21 e o 28 de novembro, porque sen dúbida vaise converter nun referente á hora de pensar a que nos pode levar este movemento sinodal que nós estamos empezando.

Importante o cambio de denominación. De ser «Confederencia do Episcopado Latinoamericano», como por exemplo a de Aparecida, ano 2007, pasa a chamarse «Asemblea Eclesial», e como tal inclúe todos os grupos e vocacións que integran a realidade eclesial, e vano facer nunha proporción significativa: dos 1.000 asembleístas que participarán en presenza ou en liña, o 20 % serán bispos,

o 20 %, sacerdotes e diáconos, o 20 %, relixiosos/relixiosas, e o 40 % e laicas/laicos. Algo absolutamente normal se a concepción e práctica da realidade eclesial non estivese dominada, como o está ata o presente, por esa comprensión do feito xerárquico, na práctica, como un espazo de poder máis ca de servizo. Se a Igrexa está fundamentalmente chamada a ser comunidade de irmáns e irmás, a xerarquía, nos seus diferentes niveis, debería entender a súa misión en desfacerse para que tal chamada se realice na vida das comunidades por riba de todo. Pero non é así, sempre hai unha reserva que parece situar a xerarquía por riba da irmandade á que se debe.

Por iso nos parece significativa a proposta latinoamericana. Ábrese unha nova perspectiva eclesial, que implica máis a todo o mundo, que suscita colaboración, que urxe a moita escoita, a moito compartir propostas, soños e tarefas, a devolverlle en boa medida ao conxunto do pobo de Deus a súa condición sacerdotal (trato con Deus), profética (voz) e real (autoridade). E co traballo que levan feito, están demostrando

que iso é factible. Cara aí evidentemente camiña o proceso sinodal que entre nós se está abrindo. Moitas cousas poden e deben cambiar nun esforzo compartido, que non sería ben que se convertese en loita de uns contra outros, senón nun empeño compartido por atinar cos pasos a dar para que a nosa presenza eclesial responda aos soños de Xesús de Nazaret, e cumpramos coa misión de sermos comunidades servidoras de vida en abundancia e sen exclusións para toda a xente.

E máis nada por hoxe, amigas, amigos. Celebrastes algo nas vosas comunidades o Día mundial dos Pobres, 14 de novembro? Dáme que non acaba de coller moito corpo entre nós esta conmemoración. Lestes o comunicado final da COP26, o «Cumio do Clima» celebrado en Glasgow durante as dúas primeiras semanas deste novembro? Dáme tamén que é un constante querer e non querer. Ao final todo case reducido a que de aquí a final de século non provoquemos o aumento de quecemento da Terra máis aló de 1,5 °C, e aínda iso ben no aire. Claramente habería que cambiar

un modelo produtivo asentado a día de hoxe nas enerxías fósiles, reducir con forza a deforestación e a emisión de gas metano; e pensar máis nun decrecemento ordenado e compartido ca non nun crecemento excluínate, pero quen ten a riqueza non se avén a isto. E aquí vaimos a vida a todo o mundo, maiormente ás persoas e países máis empobrecidos,

que, sen seren os principais causantes do problema, serán os primeiriños en sufrir as súas nefastas consecuencias.

Outra vez o Advento para soñar, esperar, empuxar o novo entre nós coa forza do Espírito? Que así sexa. Feliz remate do ano, feliz comezo do vindeiro, amigas e amigos.

Manuel Regal Ledo